

ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 21/08/2025

PREZO PÚBLICO EXCURSIÓNS TERCEIRA IDADE CURSO 2025/26**Artigo 1. Obxecto**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables as excursións da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

<u>Excursións ordinarias</u> : as realizadas de outubro de 2025 a xullo de 2026; dun día de duración (Ex. Termas, visitas a lugares de interese de Galicia e Norte de Portugal...)
<u>Excursións extraordinarias</u> : as excursións puntuais de varios días de duración realizadas de outubro de 2025 a setembro de 2026, que polas súas características precisan dunha definición específica do seu programa e prezo.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

As actividades están dirixidas as persoas empadroadas no Concello de Vedra e cumbran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Excursións ordinarias de outubro 2025 a xullo 2026	35,00 €/excursión
Excursións extraordinarias de outubro 2025 a setembro 2026	Será o proposto polo servizo correspondente atendendo ao programa da excursión

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na tempada de excursións 2025/2026. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

- Excursións ordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizaranse nos 10 días do mes seguinte ao que tiveron lugar as excursións.
- Excursións extraordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizaranse nos 10 días seguintes a realización das excursións.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as excursións.



Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 25 de agosto de 2025

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)